

Inicio solicitude: Desde o 15 de xaneiro de 2016

Fin solicitude: 15 de febreiro de 2016

Concepto

Esta resolución ten por obxecto regular a concesión de subvencións ás actuacións e proxectos de enerxías renovables que utilicen enerxía geotérmica, aerotérmica ou solar térmica, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no seu articulado e anexos.

O **investimento mínimo** para que a **actuación** sexa subvencionable deberá ser de **3.000 euros**.

Beneficiarios

- a) Entidades Locais.
- b) Sector público autonómico.
- c) Persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro.
- c) As pequenas e medianas empresas, as súas agrupacións e asociacións.

Contía da Axuda

A contía máxima de axuda será calculada en función da potencia instalada (salvo para os paneis solares de tubo de baleiro que será por superficie) e do tipo de instalación, cos límites que se establecen nas Bases reguladoras:

A intensidade de axuda segundo o tipo de beneficiario será a seguinte:

- 40 % para medianas empresas, incrementándose en 10 puntos porcentuais para as pequenas empresas.
- 50 % para persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro.
- 75 % para administracións públicas.

A contía máxima de axuda por proxecto será de **50.000 €** no caso da geotérmica e de **20.000 €** na aerotermia e solar térmica.

A contía total de axuda establecida para as axudas de minimis concedidas a unha única empresa, nun período máximo de 3 anos, fíxase en 200.000 euros, excepto para empresas do sector agrícola que se fixa en 15.000 € e para as empresas de transporte de mercadorías por estrada por conta allea que se fixa en 100.000 €.

Período de actuacións subvencionables

Coa finalidade de incentivar o uso das enerxías renovables, o período de execución dos investimentos comeza unha vez que se teña efectuada a solicitude de axuda ante esta entidade, e a data máxima para a xustificación será o 15 de outubro de 2016.